



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA INTEGRAL DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA NO EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral da Dirección Xeral de Maires e Atención Sociosanitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar co Concello de Pereiro de Aguiar o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

O obxecto do presente convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención, das actuacións que o Concello de Pereiro de Aguiar ten previsto desenvolver durante o ano 2025, de cara á realización dun programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maires e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

De conformidade co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na lexislación de aplicación sobre réxime local, correspóndenlle aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos.
- b. A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59, punto i, da Lei 13/2008, do 3 de decembro.
- c. A colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais.
- d. A promoción e realización de estudos e investigacións sobre a problemática dos servizos sociais





no ámbito local e a divulgación dos resultados obtidos nos mesmos.

e. A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

f. A elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

g. A participación, como entidade colaboradora, na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia, nos termos legalmente establecidos.

h. O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

i. A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.

j. A coordinación dos servizos sociais cos restantes servizos municipais e das restantes administracións no desenvolvemento dos plans e programas de intervención comunitaria, facilitando a participación das entidades sociais e a implicación da cidadanía no proceso.

k. Cantas outras lles estean atribuídas ou lles sexan delegadas, de acordo coa lexislación vixente

Estas competencias exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración de cara á elaboración de accións ou programas conxuntos no eido da atención ás persoas maiores, especialmente orientados ao fomento da autonomía persoal, a prevención da dependencia e do agravamento desta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014. Así mesmo estase o cumprir as condicións establecidas no artigo 6.1. da Lei 9/2017, do 13 de xuño.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela

